



**RESOLUCIÓN DA XERENCIA DA ÁREA SANITARIA DA CORUÑA E CEE, POLA QUE SE FAI PÚBLICA A LISTA DEFINITIVA DE BAREMACIÓN NO PROCEDIMENTO DE MOBILIDADE INTERNA VOLUNTARIA NO ÁMBITO DO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DA CORUÑA, CONVOCADO POR RESOLUCIÓN DO 16 DE XANEIRO DE 2024 (DOG Nº 23, DO 1 DE FEBREIRO)**

Mediante Resolución da Xerencia da Área Sanitaria da Coruña e Cee, de data 16 de xaneiro de 2024 (anuncio no DOG nº 23, do 1 de febreiro), convocouse procedemento de mobilidade interna voluntaria para o persoal estatutario fixo das categorías de persoal sanitario diplomado, sanitario de formación profesional e persoal de xestión e servizos do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña.

Por resolución do 17 de xullo de 2024, procedeuse a publicación da listaxe definitiva de admitidos e excluídos así como de baremación provisional, con apertura dun prazo para a presentación de reclamacións ata o 8 de agosto.

Rematado o prazo sinalado no parágrafo anterior, e de conformidade co establecido nos puntos 3 e 4 da Base Sexta, logo do tratamento das reclamacións no seo da Comisión de Traslados Internos, e a proposta da mesma, esta Xerencia

**RESOLVE:**

**Primeiro.-** Publicar como Anexo I a listaxe definitiva de baremación das persoas admitidas na convocatoria, segundo a orde de prelación.

A publicación da devandita listaxe terá lugar na paxina web do Espazo do Profesional. A baremación de cada aspirante estará tamén visible en Fides/Expedient-e, no apartado de Procesos – Mobilidade Voluntaria Interna.

**Segundo.-** Convocar as persoas aspirantes aos actos de elección de prazas, segundo se recolle no Anexo II.

Contra esta resolución, que non pon fin a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, nos termos dos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**DILIXENCIA:**

Para facer constar que na data da súa sinatura dixital procédese á publicación da presente resolución na páxina web do Espazo do Profesional.

Asinado dixitalmente á marxe,  
Javier Fernández Nistal  
Director de Recursos Humanos

Asinado dixitalmente á marxe,  
Luis Verde Remeseiro  
Xerente da Área Sanitaria da Coruña e Cee